



OBM PORTO DO SON

1ª PROBA DA III LIGA GALEGA DE OBM

27 de xuño de 2015

ORGANIZA

ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL ARNELA

COLABORA

CONCELLO DE PORTO DO SON

BOLETÍN II



▲ Datos xerais:

Data: Sábado 27 de xuño de 2015

Horario: 09:00.- Apertura de Secretaría.

10:30.- Saída dos primeiros ciclistas.

14:00.- Entrega de trofeos.

Mapa: PORTO DO SON. Mapa totalmente novo, creado cos estándares das normas IOF-OBM.



Nº Rexistro FEDO: C-1686-15

Como chegar: A vila de Porto do Son atópase na ría de Muros e Noia entre as localidades de Noia e Santa Uxía de Ribeira. Para chegar a nosa vila, podedes acceder, si se viaxa desde a zona Sur, pola autovía do Barbanza (AG-11) ata a localidade de Ribeira e, desde alí, coller dirección N pola AC-550. Tamén, accedendo desde a zona de Santiago, a través da Autovía de Brión (AG-56), que logo se transforma no corredor de Noia (CG-1.5).

Características: A zona de competición está moi preto de Porto do Son (de feito sairemos desde a Vila) e atópase nas ladeiras dos montes Enxa e Iroite, unha das zonas máis altas da Serra do Barbanza.

O mapa esta delimitado pola vertente norte pola estrada AC-550, totalmente prohibida durante o desenrolo da proba. Estará marcada co símbolo que fai referencia a esta prohibición.

A área de competición combina áreas con pouco desnivel, que pertence a unha zona de concentración parcelaria, cunha extensa rede de pistas e camiños, cunha zona máis técnica e de maior dificultade física, determinada polo desnivel a medida que ascendemos pola ladeira do monte. O tipo de terreo tamén varia considerablemente, desde os espazos cultivados e abertos, predominantes na zona da concentración parcelaria, ata as zonas de bosque típico galego da parte máis alta do mapa. Hai, ademais, algúns núcleos de poboación e vivendas illadas ó longo de todo o mapa. Polo xeral, en todo o mapa hai unha gran ciclabilidade, exceptuando algúns camiños que ou ben polo deterioro que presentan ou ben pola presenza de vexetación abundante ou

firme complicado, van a requirir un maior nivel físico e/ou técnico. Estas zonas limítanse os percorridos máis altos. Sinaláronse no mapa varias zonas, co símbolo 714  que indican elementos perigosos para o competidor atravesando o camiño (árbores caídas, escaleiras, etc...). Tamén están sinaladas varios puntos con rutas prohibidas, a través do símbolo 711 

Percorridos:

Para participar nunha das categorías oficiais, en función da idade do deportista, hai que estar en posesión da licenza deportiva correspondente, emitida pola Federación Española de Deportes de Orientación. Son válidas a este efecto as licencias de RAID, O-PE e O-BM. O resto dos participantes, deben inscribirse nas categorías de Iniciación Curta ou Iniciación Longa.

Percorrido	Categoría	Nº de controis	Distancia OCAD (km.)	Distancia real (km.)	Desnivel OCAD (m.)	Desnivel real (m.)	Escala
P01	INI-Corta	9	5,060	7,200	105	175	1:10.000
P02	INI-Larga	13	10,190	14,300	195	450	1:15.000
P03	M-H Cadete	9	5,060	7,200	105	175	1:10.000
P04	M Jun. - M Vet B	9	6,890	10,330	165	284	1:10.000
P05	H Jun. - H Vet B	10	8,810	12,380	160	330	1:10.000
P06	Vet. A Fem.	12	8,490	12,190	190	335	1:15.000
P07	Vet. A Masc.	13	12,050	18,100	305	600	1:15.000
P08	Senior Fem.	13	10,920	15,145	195	454	1:15.000
P09	Senior Masc.	15	15,880	26,500	380	965	1:15.000

Os datos de distancia e desnivel real son en base as probas realizadas dos percorridos cun dispositivo Garmin.

Aqueles deportistas federados que queiran puntuar para o ranking da Liga Galega de O-BM deberán levar nun lugar visible o seu número de dorsal (o da Liga Galega de O-Pe).

▲ Inscripciones:

Ata as 22 horas do martes 23 de Xuño. Realizaranse a través do sistema de inscricións da FEGADO, desde a súa páxina web (<http://fegado.es/intranet>).

- Os deportistas xa dados de alta na intranet, deberán seleccionar o evento, marcarán a categoría na que desexen competir e confirmarán a súa inscrición.
- Os deportistas que non están dados de alta na intranet, teñen que crear un perfil na mesma, seguindo as instrucións da propia web. Aconséllase a estes participantes que contacten con algún club para canalizar as inscricións a través dos mesmos.

Prezos das inscricións		
Federados	Non federados inclúe seguro federativo de 1 día	
4 €	INI CORTA	INI LARGA
	6 €	8 €

Utilizarase o sistema SportIdent como sistema de control de tempos. Nos datos de inscrición hai que indicar o número da pinza/tarxeta SI. A todo aquel que non indique este dato, asignaráselle unha pinza de aluguer, que se deberá coller na zona da secretaría o día da proba. O prezo do aluguer da pinza/tarxeta SportIdent é de **3 €**, que se sumará a cota de inscrición de cada participante. A perda da pinza/tarxeta suporá o pago do seu custo (**30 € /12 €**).

O ingreso da cota de participación realizarase mediante un ingreso na conta bancaria do club:

TITULAR: Asociación deportiva e cultural Arnela

IBAN: **ES07 0133 6052 9842 0000 1915**

CONCEPTO: OBM + nome do club (ou participante non federado)

Unha vez realizado o pago, hai que enviar copia do xustificante do movemento bancario o e-mail do club (adcarnela@gmail.com).

▲ Normas e recomendacións:

Recordámoslle a tódolos participantes que a práctica do deporte de orientación baséase no respecto do entorno e do medio natural, polo que queremos recalcar algunhas medidas a ter en conta:

- Ó igual que en todas as probas dos deportes de orientación, os participantes teñen **prohibido falar e gritar** durante todo o desenvolvemento da proba.
- **Prohibido tirar desperdicios** (envoltorios de xeles, barriñas, etc,...) en ningún lado da zona de competición, agás nos puntos habilitados nas zonas de saída, meta e secretaría. O INCUMPRIMENTO DESTA NORMA CONLEVA A DESCUALIFICACIÓN AUTOMÁTICA.
- Respecto pola propiedade privada. Está **terminantemente prohibido circular por fora dos camiños**. Descualificarase automaticamente a aquel que incumpra esta norma.
- **Estradas prohibidas**: Recordar que o mapa está delimitado pola súa parte norte pola estrada AC-550 a cal está totalmente prohibida para os participantes na proba. Ademais, hai outro tramo de pista asfaltada que estará prohibida durante a competición e que afecta a algún dos percorridos, polo que se recomenda moita atención a hora de realizar a elección de ruta. Ámbalas estradas prohibidas estarán marcadas no mapa co símbolo de prohibido (código 711). O incumprimento desta norma é motivo automático de descualificación. Haberá membros da organización vixiando a zona.
- No mapa hai unha ampla zona de concentración parcelaria con moitas pistas que na actualidade están asfaltadas nas que, aínda que o tránsito é moi escaso, hai que circular con precaución e **respectando as normas de circulación** (recórdase a obrigatoriedade de facer os stops nos cruces e asegurarse ben de que non existe perigo antes de retomala marcha).
- Haberá un punto de **avituallamento líquido** con membros da organización (a carón do control 38), polo que pasan tódolos percorridos agás os de Ini-Curta e Cadetes. Ademais, están sinalados no mapa, co símbolo de avituallamento (vaso) unhas 8 fontes.
- Recoméndase circular con precaución, principalmente nas baixadas e pistas asfaltadas, xa que se acadan altas velocidades e os camiños e pistas poden ter algún tipo de deterioro debido as choivas, e moitas das pistas asfaltadas teñen restos de grava.
- O tramo desde a saída ata o triangulo é un camiño chan pero técnico, onde haberá xente que teña que portar a bici pola man algúns anacos, polo que se recomenda ceder o paso ós ciclistas que veñan con máis velocidade.

- A secretaría estará habilitada no xardín (entrada cara a zona do peirao), e a saída realizarase desde o lugar de As Laxieles, na propia vila pero ó outro lado da estrada principal (3' en bici). Este desprazamento realizarase coas indicacións da organización e/ou Protección Civil para cruzala estrada.
- A meta estará situada ó pé da piscina municipal e, unha vez picado o control de meta, haberá que desprazarse, xa fora de competición, ata a zona de secretaría para facer a descarga da pinza electrónica e o avituallamento final. Este desprazamento realizarase coas indicacións da organización e/ou Protección Civil para cruzala estrada e logo circular pola beirarrúa.



COLABORADORES:

